

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 01/10/2020 11:22:43

SAIDA 11188/20



Reclamante: [REDACTED] en representación [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 51/2020

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED] [REDACTED], mediante escrito do 11 de setembro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. A Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, remitiu, con data do 20 de abril de 2020, unha reclamación presentada o 11 de abril de 2020 por [REDACTED] en representación [REDACTED] ao amparo do establecido no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, contra a Resolución do 7 de febreiro de 2020, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se da acceso [REDACTED] [REDACTED] ao *Acordo de peche de período de actuacións previas por actuacións fóra do perímetro de explotación para o aproveitamento de recursos da sección A) nomeada Trinidad nº 277, do 21 de outubro de 2019*, explotación da que é titular a [REDACTED] [REDACTED]

A entidade reclamante en síntese indicaba que a solicitude formulada [REDACTED] [REDACTED] nada específica sobre o réxime xurídico en base ao cal presenta a súa solicitude e de acordo coa xurisprudencia, considera que non basta con invocar a condición de asociación ecoloxista para acceder a información administrativa, senón que para considerala interesada nun expediente concreto, se esixen unha serie de requisitos que deben de ser contrastados

antes de dar a información, como son a existencia dun vínculo entre a Asociación ou Corporación accionante e o obxecto do proceso (contencioso administrativo —aquí do procedemento administrativo), de modo que do pronunciamento estimatorio do recurso se obteña un beneficio colectivo e específico, ou comporte a cesación de prexuízos concretos e determinados, pero sen que iso implique que se poida asumir unha posición xurídica de defensa abstracta do interese pola legalidade.

A entidade reclamante solicitou no seu primeiro escrito, que se lle facilitase copia dos estatutos [REDACTED], para comprobar, entre outras cuestións, cales son os seus fins estatutarios (que non constan no expediente) e se entre os mesmos está ou non a protección do medio ambiente e, en que medida poidan satisfacer o seu interese asociativo co obxecto da súa solicitude.

Considera a entidade reclamante que a [REDACTED] e os membros da mesma, converteron o peche da súa explotación mineira e a súa actividade industrial nunha auténtica obsesión, en algo obxecto de acoso e derribo, non dubidando de ningún xeito, en usar e abusar de cuantos mecanismos pon ao seu dispor o estado de dereito para coadxuvar a aquel remate, sen considerar na legalidade ou ilegalidade daquela explotación, polo que consideran que se esta a producir un abuso de dereito.

Segundo. Con data do 20 de abril de 2020 déuselle traslado da documentación achegada pola entidade reclamante á Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 26 de maio de 2020 a Consellería de Economía, Emprego e Industria contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a solicitude trae a súa causa nunha serie de denuncias sucesivas e cun contido similar formuladas pola [REDACTED], en relación cuns xacementos arqueolóxicos próximos á Canteira Trinidad nº 257 e a raíz das mesmas ditouse un acordo de inicio de actuacións previas, de data do 25 de xaneiro de 2019, no que se levaron a cabo distintas actuacións, concluíndo estas actuacións por acordo do 21 de outubro de 2019, de peche das ditas actuacións.

O contido do acordo de peche das actuacións previas foi notificado aos denunciante con data do 22 de outubro de 2019, poñendo de relevo que non se fixo entrega do mesmo porque as asociacións denunciante non tiñan propiamente a condición de interesadas nas ditas actuacións e por figurar nas mesmas, como resultado da actuación inspectora, outros feitos que non gardan relación coas denuncias efectuadas.

A reclamación interposta por [REDACTED] esta inicialmente presentada como recurso de alzada perante a xefatura territorial, debido a comisión dun erro no réxime de impugnación consignado na propia resolución, que xa foi posto en coñecemento do recorrente.

[REDACTED] presentou alegacións durante trámite de audiencia na tramitación do expediente, á que se lle deu contestación na propia resolución de acceso á información no senso de que se lle comunica que xunto coa solicitude formulada pola asociación, se xuntaba o certificado expedido polo secretario da mesma, no que se lle recoñecían as facultades de representación ao seu presidente.

Sen embargo, si ben no prazo concedido para o mesmo non efectuou concretas alegacións nas que fundamentar a oposición ao acceso ao expediente, tampouco prestou consentimento expreso ao acceso, polo que a Xefatura Territorial considera formulada oposición, aos efectos do disposto no artigo 22.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro.

Ante a existencia de dous réximes xurídicos existentes en materia de acceso á información pública atendendo ao obxecto da solicitude, optou pola aplicación do réxime xeral de acceso á información pública e non polo específico de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, dado que a solicitude versaba sobre o acceso ao Acordo de finalización dun expediente de actuacións previas ao inicio dun expediente sancionador.

O concreto documento solicitado, que pon fin a unha investigación dunha denuncia por traballos fora de perímetro autorizado nunha canteira, entendendo que estes podían afectar a determinados elementos arqueolóxicos, non se entendeu como un documento que puidese ter relevancia ambiental, máxime cando tal documento conclúe que non se produciron eses traballos fóra do perímetro.

A segunda das alegacións referidas a que a asociación ecoloxista non ten a condición de interesada, non é conforme co establecido no artigo 12 da Lei 19/2013 en base ao cal, todos teñen dereito ao acceso á información pública, con independencia que entre os seus fins (no caso de persoas xurídicas) estea ou non a defensa do medio ambiente e sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información de acordo co disposto no artigo 17 da mesma Lei.

Respecto da alegación de que a lei non ampara o abuso do dereito nin o exercicio antisocial do mesmo, a Lei 19/2013 recolle como posible causa de inadmisión dunha solicitude o seu carácter repetitivo ou abusivo non xustificando coa finalidade de transparencia da Lei, de acordo co criterio interpretativo 3/2016 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno considera o informe que non se dan as circunstancias para consideralo como tal, xa que non se aprecia un exercicio do dereito abusivo cualitativamente, nin se pode considerar excesivo

e non conforme coa finalidade da Lei, polo que a pesar de que a asociación solicitante xa coñecía o contido fundamental do documentos solicitado, en aras de dar a máxima protección ao exercicio do dereito de acceso á información pública e garantir a transparencia na actuación administrativa esta causa de inadmisión non se aplicou na tramitación da solicitude e resolveuse o acceso á mesma.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, recolle expresamente que non resulta necesario motivar as solicitudes polo que non se apreciou tal causa de inadmisión ao carecer de suficientes elementos obxectivos para a súa valoración.

Cuarto.- Con data do 20 de xullo de 2020, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, remitíuselle á [REDACTED] a reclamación presentada por [REDACTED] para que a referida [REDACTED] puidese presentar as alegacións ou documentación que considerase oportuna.

Con data do 29 de xullo de 2020 a [REDACTED] remite escrito no que en síntese manifesta que realizou a solicitude de acceso á información de forma telemática utilizando o procedemento "Acceso á información pública PR100A" no que figura a lexislación aplicable.

Alega así mesmo alega que as actuacións previas abertas polas denuncias presentadas por [REDACTED], están pechadas e sen sanción; por tanto, non é preciso que se considere á [REDACTED] como parte interesada no procedemento para acceder á documentación pública solicitada, descoñecendo si para acceder a unha documentación pública emitida pola Consellería de Industria esta ten a obriga de facilitarlle á empresa os seus estatutos, pero en todo caso, de ser así, non é responsabilidade da [REDACTED] e non pode ser escusa para non facilitar a documentación.

A [REDACTED] considera que a empresa só pretende desprestixiar a súa asociación e presentarse ela como vítima e entende que non hai motivos para que se lles negue o dereito de acceso á documentación solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e

previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que

do Réxime Xurídico do Sector Público, polo que debe en principio considerarse que o dito acto é nulo, de acordo co establecido no artigo 47 da Lei 39/2015.

De conformidade co disposto no artigo 119.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando existindo vicio de forma non se estime procedente resolver sobre o fondo, ordenarase a retroacción do procedemento ao momento no que o vicio foi cometido, sen prexuízo de que eventualmente poida acordarse a convalidación de actuacións polo órgano competente para iso, de conformidade co establecido no artigo 52.

Por tanto en base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar para a retroacción, a reclamación presentada por [REDACTED] contra a Resolución do 7 de febreiro de 2020, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se da acceso [REDACTED] ao "Acordo de peche de período de actuacións previas por actuacións fóra do perímetro de explotación para o aproveitamento de recursos da sección A) nomeada Trinidad nº 277, do 21 de outubro de 2019, ao momento da súa resolución.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2020.10.01 09:27:17 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.